



NOTA IMPORTANTE SOBRE A AUGA DE MOSCOSO

Unha vez recibido o informe do laboratorio que interpreta os resultados da analítica podemos informar o seguinte

- Non se detectou **ningunha bacteria patóxena nin indicios de contaminación fecal**, o que garante a **seguridade sanitaria da auga para o seu consumo**.
- O valor do **reconto de microorganismos aerobios** a 22 °C presenta un **leve incremento sobre o valor guía** recomendado pola normativa como indicador de calidade.
 - Este tipo de microorganismos **non son perigosos para a saúde**, pero poden indicar **pequenas alteracións na calidade da auga**, como estancamento ou acumulación orgánica na rede.
 - O cloro residual presente é adecuado, o que confirma que a desinfección é eficaz.

Medidas previstas

- Continuarase o seguimento da calidade da auga. Xa se tomaron novas mostras tanto na captación coma no depósito que están a ser analizadas polo laboratorio.
- Aumentarase puntualmente o clorado da auga.
- Realizaranse labores de limpeza preventiva e cambio dos filtros.
- En caso de detectarse algún cambio relevante, informarase inmediatamente á poboación.

Conclusión

Recomendouse evitar o consumo da auga como **medida de precaución** ata ter clara a importancia da incidencia. Estando en cuestión a saúde das persoas preferimos ser transparentes e precavidos.

Segundo o informe do laboratorio, a auga da rede municipal é **“apta para o consumo con exceso ou con incumprimento nos parámetros Aerobios mesófilos”**, segundo os criterios sanitarios establecidos, pero cun **empeoramento da calidade**.

Este pequeno desvío nun parámetro non obrigatorio está a ser supervisado para garantir a máxima calidade.

Lamentamos as molestias e agradecemos a comprensión. Lembramos que estamos á disposición para calquera dúbida a través dos canles habituais.